# "A MOSTRA É DE VIÑOS CON DENOMINACIÓN"

## JOSÉ MANUEL LEDO LÓPEZ, ALCALDE DE PANTÓN

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

O popular José Manuel Ledo López é o alcalde de Pantón desde hai dúas décadas. Nese tempo, desde o Concello traballouse activamente para recuperar o patrimonio artístico do municipio e para dalo a coñecer. Asemade, ideouse unha mostra para exaltar os viños da Ribeira Sacra de Pantón.

**- ¿Como naceron as celebracións que acollerá Ferreira esta fin de semana?**

- Hai doce anos, con motivo da petición de varios adegueiros e viticultores, decidimos crear a mostra de viños da zona, na que soamente poden participar caldos adscritos á denominación de orixe da Ribeira Sacra. Esta celebración nos permitiu, ao tempo, apoiar as Xornadas da Rota do Románico, que naceron hai dezaoito anos co propósito de promocionar as xoias arquitectónicas que temos no concello. Hai cinco monumentos de interese cultural e vestixios do Románico en trece igrexas máis. Cada ano a celebración vai a mellor.

*"As rotas do románico serven para promocionar as nosas xoias arquitectónicas"*

**- ¿Que distingue á mostra de viños de Pantón doutras que se celebran na comarca de Lemos?**

- Este ano participará un adegueiro máis que noutras edicións. O requisito que teñen que cumprir é que estén dentro da denominación de orixe da Ribeira Sacra. Queremos darlle á mostra un distintivo de calidade e unha prestancia. Así, garantizamos que haxa un viño aceptable.

*"Queremos darlle á exposición dos caldos un distintivo de calidade"*

**- ¿Cales son as zonas de cultivo da uva máis importantes en Pantón?**

- Hai cultivos en tres ribeiras, a do Sil, a do Cabe e a do Miño, e os entendidos saben distinguir a uva de cada unha destas ribeiras. A máis importante, según moitos, é a do Sil. A maior parte do territorio de Pantón está incluído dentro da denominación de orixe da Ribeira Sacra. Só queda unha zona pequena que está fóra, que é a de Pederne, Goián e Deade, e está en camiño para



EP

Ledo López espera que a zona fóra da denominación de orixe a acade